

ASUNTO: DECRETO AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES PARA ABOAMENTO DE BONOS POR PARTE DOS ESTABLECIMENTOS

Visto o informe emitido pola Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Monforte de Lemos con data 24 de setembro do 2020 relativo á necesidade de ampliar o prazo de presentación de solicitudes de aboamento dos bonos polos establecementos das bases reguladoras do Plan de Apoio ás familias e ós sectores económicos do Concello, no que sinala:

“Na liña de continuar coas axudas como medidas urxentes para, na medida do posible, revitalizar a actividade comercial retailista, servizos profesionais e en xeral calquera establecemento dos diferentes sectores económicos ubicados non concello de Monforte de Lemos (non se financiará a compra de bebidas alcohólicas); e para os efectos de establecer con maior exactitude e eficacia a xustificación económica desta medida e có obxectivo de axilizar e facilitar a tramitación económica dos expedientes, unha vez detectadas certa contradición no prazo de xustificación e de entrega dos correspondentes bonos, cómpre correxir dito prazo, no marco das bases reguladoras aprobadas segundo resolución de alcaldía de data 17 de xuño de 2000, do xeito seguinte:

Tal e como se establece nas bases, no Punto 12.- Entrega e utilización dos bonos: “Deste xeito, o perceptor dos bonos acudirán ao Concello para retiralos e poderá facelo no prazo dun mes dende que lle sexa comunicado. No caso de non retirar os bonos no citado prazo entenderase que existe unha renuncia tácita, deixándoos sen efecto”.

Ao mesmo tempo que no punto 14.- Forma e pagamento das subvencións, indícase: “O prazo para presentar as solicitudes de aboamento dos bonos polos establecementos, rematará o día 31 de outubro de 2020”.

Por outra banda, tendo en conta que o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de tres meses a contar do seguinte á finalización de prazo de presentación das solicitudes. (Ao abeiro do punto 11.- das bases), e sendo o último día de solicitude o 15 de xullo, e segundo a evolución da tramitación nestes intres dos expedientes resoltos e pendentes de resolver é que os últimos expedientes estarán para informar por esta unidade de desenvolvemento local, na semana do 5-9 de outubro de 2020. Deste xeito é probable que o prazo límite de recollida de bonos sexa como data límite o 13 de novembro.

Por todo elo, como é lóxico é imposible que na data 31 de outubro se poda tramitar a xustificación da totalidade dos bonos, polo que se considera a necesidade de aprobar unha nova data para que os establecementos podan presentar as solicitudes de aboamento dos bonos ata o 30 de novembro de 2020 (inclusive).”

Con base no anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Proceder á ampliación do prazo de presentación de solicitudes por parte dos establecementos para o aboamento dos bonos, ata o 30 de novembro do 2020





SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente decreto na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E40005E7F700P2W9Z2J4W8E6
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 25/09/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 25/09/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2020 11:59:39

DECRETO: 2020001407
Fecha: 25/09/2020
Hora: 11:59
Persona 76561868C

